

Actividades de Formación de FP

Congreso

Formación e competencias na nova sociedade. Formación Profesional

Familia profesional	Todas
Ciclo formativo	Todos
Grao	Medio/Superior
Xornadas	Formación e competencias na nova sociedade. Formación Profesional. Específica da familia profesional.
Relatorio	R2. Elaboración de programación da LOE: programación e materiais de apoio

Índice

1.	Introdución.....	3
	Estrutura do módulo profesional	3
2.	Etapa 1. A distribución do currículo en unidades didácticas.....	5
2.1	Fases do proceso de distribución do currículo	5
	Fase 1. Definir as unidades didácticas e os seus títulos e descrições	5
	Fase 2. Seleccionar os elementos do currículo para cada UD	6
	Fase 3. Adaptar os elementos do currículo ás UD	7
	Fase 4. Representar a distribución dos RA nas UD	9
3.	Etapa 2. O proceso de deseño de unidades didácticas.....	10
3.1	Fases do proceso de deseño de unidades didácticas	10
	Fase 1. Seleccionar os elementos curriculares da UD	10
	Fase 2. Agregar contidos derivados dos criterios de avaliación.....	11
	Fase 3. Crear a táboa de actividades da unidade didáctica	12
	Fase 4. Seleccionar os elementos da UD que se tratan nas actividades.....	13
	Fase 5. Definir novos contidos e CA, tarefas e instrumentos de avaliación	14
	Introdución de CA e contidos novos adaptados á actividade	14
	Definición de tarefas do profesorado e do alumnado.	15
	Selección dos instrumentos de avaliación	15
	Mínimos esixibles e peso orientativo na cualificación	16
	Fase 6. Elaborar a táboa de tarefas das actividades	17
	Táboa de actividades e tarefas	18
4.	Anexos	19
4.1	Anexo I. Notación de cores empregada nas taboas de secuencias das UD.....	19
	Cores dos textos na columna de elementos do currículo	19
4.2	Anexo II. O papel dos criterios de avaliación e dos instrumentos de avaliación na elaboración da programación.....	20
	Selección dos instrumentos de avaliación	20
	Creación de subcriterios e de indicadores de avaliación.....	20

1. Introducción

A programación é tanto un proceso como un resultado. Considerada como proceso, a programación consta de varias etapas e fases, sinxelas e sistemáticas, que simplifican a planificación da impartición dos módulos tal e como están definidos nas normas de ordenación educativa. Considerada como resultado ou produto, a programación é un documento que describe a distribución do currículo en unidades didácticas (UD).

As unidades didácticas son conxuntos de actividades relacionadas entre si formando secuencias didácticas significativas desde o punto de vista da aprendizaxe da materia. Ata agora, esta definición era suficiente para redactalas pero, tal e como se verá neste tema, se requiren algúns matices a esta definición para conectar as actividades co currículo e para que todos entendamos os documentos das programacións dunha forma parecida.

Elaborar a programación dunha forma estandarizada proporciona algunhas vantaxes evidentes como, por exemplo:

- Unha materia ou módulo pode impartirse da forma prevista no caso de que se teña que substituír o profesorado que elaborou a programación.
- O profesorado e o centro educativo protéxense fronte ás reclamacións do alumnado relacionadas coa programación da materia.
- Os ensinantes poden apreciar as diferenzas entre as respectivas interpretacións dos currículos. Un método de traballo común para programar visibiliza a forma na que se pretende que o alumnado logre os resultados de aprendizaxe que o currículo establece.
- Un método estandarizado permite relacionar os equipamentos didácticos e os espazos e outros recursos coas necesidades didácticas dos elementos do currículo (tal e como as entenden os ensinantes).

O proceso de programación ten dúas etapas claramente diferenciadas: a distribución do currículo en unidades didácticas e o deseño interno das unidades didácticas, é dicir, das súas actividades. Aínda que este documento presenta un proceso secuencial a través de catro fases para a etapa 1 e seis fases para a etapa 2, destaca por ser un procedemento dinámico que permite a continua revisión e reelaboración das mesmas.

Estrutura do módulo profesional


O profesorado de formación profesional desenvolverá o currículo das ensinanzas de formación profesional mediante a elaboración das correspondentes programacións para cada módulo profesional, polo que considérase imprescindible coñecer correctamente a estrutura e elementos do seu currículo.

Os módulos profesionais están constituídos por áreas teórico-prácticas de coñecemento, en función das competencias profesionais, que incluírán as definidas nas unidades de competencia, as competencias sociais e as persoais que se pretenda alcanzar.

Cada módulo profesional especificará:

- Datos identificativos, definidos a través de:
 - Denominación e código.
 - Equivalencia en créditos ECTS, ECVET, de ser o caso.
 - Duración en horas.

- **Resultados de aprendizaxe (RA).** É a forma coa que se expresan os obxectivos do módulo profesional. Permiten valorar que as actividades de traballo vanse a realizar de acordo aos estándares de competencia do sistema produtivo e ao dominio de coñecementos científicos e técnicos da mesma.
- **Criterios de avaliación (CA),** que permiten valorar se os resultados de aprendizaxe foron alcanzados e expresan os niveis aceptables do mesmo.
- **Bloques de contidos (BC) e contidos básicos,** que quedarán descritos de xeito integrado, en termos de procedementos, conceptos e actitudes. Existe un bloque de contidos asociado a cada resultado de aprendizaxe do módulo profesional (RA1→BC1).
- As orientacións pedagóxicas para o seu desenvolvemento.



2. Etapa 1. A distribución do currículo en unidades didácticas

Nesta primeira etapa realizarase a selección dos elementos curriculares que se consideran adecuados para tratar en cada unha das UD, mantendo a redacción textual que posúen no currículo. Os elementos seleccionados poden proceder de calquera bloque do currículo e a súa elección non está limitada en ningún sentido senón o ditado pola lóxica interna das dos módulos dos que se está a elaborar a programación e polo coñecemento técnico e a experiencia docente do profesorado. Polo tanto, discriminaranse:

- Obxectivos ou resultados de aprendizaxe (RA) que se pretenden lograr.
- Criterios de avaliación (CA) que se aplicarán para valorar as aprendizaxes.
- Contidos que se abordarán (entendidos como medio para lograr os resultados de aprendizaxe).

Ao asociar sistematicamente os RA, os CA e os contidos do currículo coas unidades didácticas, obterase a parte do currículo que debe servir de base para a redacción das actividades de ensinanza-aprendizaxe. Así que, desde este punto de vista, unha UD pode considerarse un subconxunto do currículo en lugar dunha simple colección de obxectivos específicos e de contidos sen relación directa con el.

A UD, vista como subconxunto do currículo, é "rastrexable" no sentido de que outro profesor ou profesora pode verificar que unha programación trata o currículo completo (este aspecto é extremadamente difícil na modalidade de "redacción libre") e mesmo valorar a adecuación desta distribución para lograr as aprendizaxes previstas.

2.1 Fases do proceso de distribución do currículo

O traballo pode realizarse nas fases descritas a continuación:

- **Fase 1.** Definir as unidades didácticas e os seus títulos e descricións.
- **Fase 2.** Seleccionar os elementos do currículo para cada UD.
- **Fase 3.** Adaptar os elementos do currículo ás UD.
- **Fase 4.** Representar a distribución dos RA nas UD.



Os documentos elaborados con este procedemento seguen uns códigos de formato cromáticos estandarizados imprescindibles para que os materiais elaborados poidan ser impartidos e intercambiáveis. No **anexo I** expónse a notación de cores empregada.

Fase 1. Definir as unidades didácticas e os seus títulos e descricións

As unidades didácticas defínense a través dun título e dunha descrición suficiente para que o alumnado teña unha idea aproximada do que se tratará nela. Na redacción débese utilizar un léxico ao alcance do alumnado, evitando redactados excesivamente técnicos e, a ser posible, uns títulos motivadores en lugar de enunciados estritamente formais e académicos.

Aconséllase que ditos títulos sexan claros, sinxelos, breves e directos para reducir a necesidade de descrições moi extensas. Aínda que concretar os títulos é opcional porque pode facerse antes ou despois de realizar as outras fases, dándolles mentres tanto un nome xenérico, como UD1, UD2, etc.

Tamén é recomendable basear as descrições nos resultados de aprendizaxe e nos criterios de avaliación, desta forma o alumnado estará informado sobre que vai aprender a facer e non só de qué se lle vai preguntar nun exame.

En canto á duración das UD, débese facer unha primeira aproximación, que se irá precisando durante o proceso de programación. A ser posible todas deben ter un tamaño e un grao de complexidade similar. Non deben ser nin demasiado curtas (> 10 horas) nen demasiado extensas (<30 horas), para evitar que parezan non ter fin ou que carecen de interese.

Decidir as unidades didácticas (UD) que se empregarán é competencia do profesorado, que deberá ter en conta que:

- As UD non terán, en xeral, os mesmos títulos que os bloques de contidos (BC).
- As UD poden comporse combinando partes de varios resultados de aprendizaxe (RA) e, consecuentemente, tomarán criterios de avaliación (CA) de varios RA e contidos de máis dun BC.
- As UD tamén poden comporse de parte dun RA, parte dos seus CA e parte dos contidos do BC asociado (neste caso un BC dá lugar a varias UD).

Esta fase realízase nunha táboa similar á seguinte:

Nº	Título da UD	Descrición	Duración
1	UD1. Escriba os títulos das UD nestas celas	Escriba a descrición das UD nestas celas. Empregue os parágrafos que necesite, sobre todo se os títulos non fosen suficientemente descritivos ou se non quixese fixar os títulos inicialmente.	
2	UD2. Escriba os títulos das UD nestas celas	Escriba a descrición da UD	
3	...	...	
...	...	...	

Fase 2. Seleccionar os elementos do currículo para cada UD

Esta fase consiste en marcar os elementos do currículo que se tratarán en cada UD. A selección pode realizarse en calquera orde, é dicir, é posible seguir métodos como os seguintes:

- Comezar seleccionando un ou varios resultados de aprendizaxe para, posteriormente, escoller os criterios de avaliación e os contidos que os resultados de aprendizaxe seleccionados requiran.
- Seleccionar un ou varios criterios de avaliación e despois os resultados de aprendizaxe e os contidos que os criterios de avaliación necesiten.
- Seleccionar contidos e despois seleccionar os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación que se mellor se asocien cos contidos.

A flexibilidade na forma de seleccionar o currículo é necesaria para que este procedemento sexa aplicable en calquera etapa educativa. Así, por exemplo, na formación profesional pode ser preferible empregar o método a) mentres que na educación infantil e primaria pode ser preferible o método b). O método máis doado para o profesorado de educación secundaria podería ser o método c), seleccionando os contidos de forma temática, en primei-

ro lugar, para dispor dun “temario” similar ao que o profesorado coñece e repartindo despois os RA e os CA nas UD para completar a distribución.

Un elemento calquera do currículo pode tratarse en varias UD e, polo tanto, é susceptible de desagregarse ou dividirse para concretar qué parte se trata en cada unha desas UD. Débese ter en conta que as UD non poden conter elementos do currículo que pertencen a outras unidades formativas (UF), se o módulo ten máis dunha. As UF son unidades certificables con validez en Galicia, e non deben impartirse mesturadas con outras partes do currículo (unha UF, por outra parte, pode conter varias UD).

A distribución básica podería ter este aspecto (recórdese que só se representan un resultado de aprendizaxe e un bloque de contidos, para simplificar a presentación):

Título da UD	UD1	UD2	...	Xustificación
Resultado de aprendizaxe 1	X	X		
■ Criterio de avaliación 1.1.	X	X		
■ Criterio de avaliación 1.2.		X		
...				
Título de bloque 1, asociado ao resultado de aprendizaxe 1				
■ Contido 1.1.	X			
■ Contido 1.2.	X	X		
...				
Resultado de aprendizaxe n		X		
■ Criterio de avaliación n.1.		X		
■ Criterio de avaliación n.2.		X		
...				
Título de bloque n, asociado ao resultado de aprendizaxe n	X	X		
■ Contido n.1.		X		
■ Contido n.2.	X	X		
...				



Despois de rematar o proceso de distribución pode que se teña que modificar as duracións previstas das UD.

Fase 3. Adaptar os elementos do currículo ás UD

Adaptar os elementos do currículo seleccionados para cada UD implica modificar a súa redacción para axustar mellor a descrición do que se imparte en cada UD. Obviamente, un elemento do currículo debe adaptarse a unha UD se está seleccionado tamén para outra porque, na maior parte dos casos (non sempre) significará que en cada UD se imparte ou se trata un aspecto diferente do RA, do CA ou do contido.

O obxectivo desta fase, en liñas xerais, consiste en reducir a complexidade dos RA e/ou dos CA e detallar os contidos. Por exemplo, un resultado de aprendizaxe complexo pode "descomponse" noutros que van dun RA sinxelo ao RA completo, que se tratan en UD sucesivas. O mesmo se pode dicir para un criterio de avaliación, que pode desagregarse en

aspectos avaliáveis máis reducidos que se tratarán nas UD previas antes de avaliar o CA completo. Polo tanto,

- Os resultados de aprendizaxe poden dividirse en subresultados de aprendizaxe.
- Os criterios de avaliación poden dividirse en subcriterios de avaliación.
- Os contidos poden detallarse.

Nesta fase caben dúas aproximacións non excluíntes entre si:

1. Adaptar, cando sexa necesario, a redacción dos RA, CA e contidos ao contexto cada UD.
2. Dividir ou desagregar en partes ou subelementos aqueles elementos do currículo que, posteriormente, se seleccionarán en cada UD en lugar de seleccionar o elemento completo.

Para realizar esta adaptación dos elementos do currículo crearanse novas filas na táboa debaixo do elemento dividido, copiando o RA ou o CA e cambiando a redacción para reduci-lo ao que se necesita na UD. Utilizarase un estilo encarnado para identificar visualmente este tipo de adaptación.

Ao finalizar dispoñemos dunha táboa de secuencias de RA, CA e contidos que proporciona unha perspectiva total sobre a programación.

Como pode apreciarse na táboa seguinte, utilízase a **cor encarnada** (ver anexo I) para sinalar onde se está adaptando un elemento do currículo. O CA1.1, que se aplica nas UD1 e UD2, por exemplo, descomponse en dous subcriterios, CA1.1.1 e CA1.1.2 e a marca indica en qué UD se aplica cada un deles. Algo similar se fai cos contidos, dividíndoos en partes que se seleccionan en diferentes UD. En xeral, se un elemento do currículo se trata en varias UD dividírase salvo que o seu enunciado implique que se pode tratar nelas tal como está redactado.

Título da UD	UD1	UD2	...	Xustificación
Resultado de aprendizaxe 1	X	X		
Subresultado de aprendizaxe 1.1.	X			
Subresultado de aprendizaxe 1.2.		X		
▪ Criterio de avaliación 1.1.	X	X		
– Subcriterio de avaliación 1.1.1.		X		
– Subcriterio de avaliación 1.1.2.	X			
▪ Criterio de avaliación 1.2.		X		
...				
Título de bloque 1, asociado ao resultado de aprendizaxe 1	X	X		
▪ Contido 1.1.	X			
▪ Contido 1.2.	X	X		
– Contido adaptado do 1.2.	X			
– Contido adaptado do 1.2.		X		
...				
Resultado de aprendizaxe n	X	X		
▪ Criterio de avaliación n.1.	X			

Título da UD	UD1	UD2	...	Xustificación
– Subcriterio de avaliación n.1.1.	X			
– Subcriterio de avaliación n.1.2.		X		
■ Criterio de avaliación n.2.		X		
...				
Título de bloque n, asociado ao resultado de aprendizaxe n	X	X		
■ Contido n.1.		X		
■ Contido n.2.	X	X		
– Contido adaptado do n.2.	X			
– Contido adaptado do n.2.		X		
...				

Fase 4. Representar a distribución dos RA nas UD

A distribución de RA nas diferentes UD facilita unha visión global da forma na que se tratan os resultados de aprendizaxe e do tempo que globalmente se lles dedica ao longo do curso. Avisa a progresión didáctica proporcionando unha excelente perspectiva sobre o grao no que as unidades didácticas cobren o currículo. Dado que este ten que impartirse na súa totalidade, é o momento de comprobar se queda algún elemento curricular sen asignar para incluílo nalgunha das UD ou mesmo crear unha nova para completar a distribución.

A táboa coa secuencia de resultados de aprendizaxe terá un aspecto coma este:

Resultados de aprendizaxe							Titulos da UD	Descrición	Duración
RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA7	RA8			
X	X						UD1. Escriba os títulos das UD nestas celas.	Descrición da UD 1.	XX
	X						UD2. Escriba os títulos das UD nestas celas.	Descrición da UD 2.	XX
	X	X	X				UD3.	Descrición da UD 3.	XX
			X	X	X		UD4.	Descrición da UD 4.	XX
						X	UD5.	Descrición da UD 5.	XX
TOTAL									XX

3. Etapa 2. O proceso de deseño de unidades didácticas

As unidades didácticas perfilanse a través do deseño de actividades de ensinanza-aprendizaxe baseadas nos elementos curriculares e nuns obxectivos específicos, e definidas, á súa vez, por unha serie de tarefas que describen os traballos que elaborarán o profesorado e o alumnado, así como polos recursos que se empregarán para realizalas, os resultados que producirá o alumnado e os instrumentos e procedementos de avaliación (ou de autoavaliación).

3.1 Fases do proceso de deseño de unidades didácticas

O deseño das unidades didácticas consta de varias fases:

- **Fase 1.** Seleccionar os elementos curriculares da UD.
- **Fase 2.** Agregar contidos derivados dos criterios de avaliación.
- **Fase 3.** Crear a táboa de actividades da unidade didáctica.
- **Fase 4.** Seleccionar os elementos da UD que se tratan nas actividades.
- **Fase 5.** Definir novos contidos e CA, tarefas e instrumentos de avaliación.
- **Fase 6.** Elaborar a táboa de tarefas das actividades.

Fase 1. Seleccionar os elementos curriculares da UD

O currículo da UD obtense da táboa de secuencias elaborada na etapa 1, mantendo só os elementos que lle corresponden a dita unidade didáctica. Terá un aspecto similar a este:

Currículo de UD1. Título da UD Currículo de UD1. Título da UD
RA1. Resultado de aprendizaxe 1
RA1.1. Subresultado de aprendizaxe 1.1.
▪ CA1.1. Criterio de avaliación 1.1.
— CA1.1.2. Subcriterio de avaliación 1.1.2.
...
BC1. Título de bloque 1
▪ Contido 1.1.
▪ Contido 1.2.
— Contido adaptado do 1.2.
...
RAn. Resultado de aprendizaxe n
▪ CAn.1. Criterio de avaliación n.1.
— CAn.1.1.Subcriterio de avaliación n.1.1.

Curriculo de UD1. Título da UD
...
BCn. Título de bloque n
■ Contido n.2.
— Contido adaptado do n.2.
...

Fase 2. Agregar contidos derivados dos criterios de avaliación

Os criterios de avaliación indican cómo se valorará que o alumnado logre os resultados de aprendizaxe pero, con moita frecuencia, a súa redacción non se corresponde exactamente cos contidos. Nesta fase certos CA, nomeadamente de tipo procedimental e actitudinal, deberán ser convertidos en contidos co fin de visualizalos dun modo máis eficiente.

Convertiranse aqueles CA que non teñan un contido asociado directamente no currículo. Esta é unha operación case “trivial” porque consiste en modificar a redacción cambiando accións (verbos) por contidos procedementais e/ou actitudinais (substantivos).



Por exemplo, o criterio de avaliación "CA2.6. Montáronse ou simuláronse circuítos", xerará o contido "Montaxe e simulación de circuítos (CA2.6)". Neste caso é doado recoñecer os procedementos "montaxe" e "simulación" nos verbos de acción "montáronse" e "simuláronse" (repárese en que se mantén a referencia ao criterio, CA2.6, ao final do contido).



Os criterios que comezan por accións, como "describiuse" ou "explicouse", que se avalían normalmente mediante probas escritas convencionais, poden reducirse á súa parte conceptual. Por exemplo, o criterio "CA2.1. Describíronse as diferenzas entre circuítos combinacionais e secuenciais" converterase en "Descrición das diferenzas entre circuítos combinacionais e secuenciais (CA2.1)", que é équivalente ao contido conceptual "Diferenzas entre circuítos combinacionais e secuenciais (CA2.1)".

Esta operación é importante porque, se se atende unicamente aos contidos para impartir a materia, habería aspectos da aprendizaxe que os CA tratan que non poderían ensinársese porque, “aparentemente”, non figuran no bloque de contidos.

Para diferenciar os contidos procedentes dos CA dos outros utilízase a **cor verde** (Ver anexo I) que indica que serán obxecto directo de avaliación. Agregáanse á taboa dependendo dalgún contido existente ou como contido de nivel principal no caso de que non se atope ningún contido ao que asocio.

A táboa co currículo da unidade didáctica quedará así despois de realizar a operación de agregar os contidos derivados dos criterios de avaliación:

Curriculo de UD1. Título da UD
RA1. Resultado de aprendizaxe 1
RA1.1. Subresultado de aprendizaxe 1.1.
■ CA1.1. Criterio de avaliación 1.1.
— CA1.1.2. Subcriterio de avaliación 1.1.2.

Currículo de UD1. Título da UD Currículo de UD1. Título da UD
...
BC1. Título de bloque 1
- Contido 1.1. - Contido asociado ao criterio de avaliación 1.1 (CA1.1.). - Contido 1.2. - Contido adaptado do 1.2. - Contido novo asociado ao subcriterio de avaliación 1.1.2 (CA1.1.2)
...
RAn. Resultado de aprendizaxe n
- CAn.1. Criterio de avaliación n.1. - CAn.1.1.Subcriterio de avaliación n.1.1.
...
BCn. Título de bloque n
- Contido n.2. - Contido asociado ao subcriterio de avaliación n.1 (CA.n.1.). - Contido adaptado do n.2. - Contido novo asociado ao CA n.2 (CA.n.2.).
...

A posibilidade de revisión e reelaboración característica deste procedemento permite que os contidos derivados dos CA poidan introducirse tamén na etapa 1.

Fase 3. Crear a táboa de actividades da unidade didáctica

Unha actividade didáctica, aos efectos deste documento, pode definirse como un conxunto de accións planificadas, que, baseándose en certos elementos do currículo da unidade didáctica, ten por fin alcanzar uns obxectivos específicos. As actividades organízanse en tarefas do profesorado e tarefas do alumnado nas que se empregan uns recursos e se obteñen uns determinados resultados e/ou produtos.

Cada actividade está formada por un/s obxectivo/s específico/s, un título e unha descrición do que se tratará nela. A descrición e os obxectivos específicos son dúas formas complementarias de concretar qué se aprenderá na actividade. Establecerase a súa secuencia e farase unha primeira aproximación da duración das mesmas.

Os obxectivos específicos basearanse nos resultados de aprendizaxe e nos criterios de avaliación da unidade didáctica pero serán de redacción propia e máis globais e flexibles que os RA e os CA (recórdese que se enuncian con verbos en infinitivo). Ao redactalos hai que ter en conta que responden á pregunta:

- que hai que ensinar para que se poidan avaliar as aprendizaxes que se describen na táboa de RA e CA?

Tamén se poden redactar obxectivos específicos adicionais aínda que non se atean exactamente aos RA e CA, se se consideran necesarios para darlle coherencia didáctica ás actividades.

Non hai que redactar tantos obxectivos específicos como criterios de avaliación e resultados de aprendizaxe, porque os obxectivos específicos poden ser algo máis globais, pero todos os RA e CA deben estar representados nos obxectivos.

Por outra banda, pode ocorrer que as actividades que normalmente se realizarían non cubran todos os RA e CA. Neste caso ou ben se engaden novas actividades ou se modifican as que inicialmente se consideraron.

Pode procederse redactando en primeiro lugar os obxectivos específicos e despois os títulos das actividades e a súa descrición, ou ao contrario, redactando primeiro as actividades e despois os obxectivos específicos que se correspondan con elas. As descricións, como sempre, deberían redactarse en termos do alumnado, como unha forma de explicar de forma sinxela qué se aprenderá a facer. Os obxectivos son unha forma máis técnica e precisa de describir as aprendizaxes e poden empregar termos do currículo dos que figuran nos RA e nos CA.

Necesitarase a táboa de RA, CA e, en menor medida, os contidos, da unidade. A táboa de actividades, que se elabora tomando como referencia os RA os CA e os contidos da UD, terá este aspecto:

Obxectivos específicos	Título de actividade	Descrición	Duración
- Obxectivo específico1.1 - Obxectivo específico1.2	A1. Título da actividade 1	Descrición da actividade 1.	XX
Obxectivo específico2.1	A2. Título da actividade 2	Descrición da actividade 2.	XX
- Obxectivo específico3.1 - Obxectivo específico3.2	A3 Título da actividade 3	Descrición da actividade 3	XX
....			

Fase 4. Seleccionar os elementos da UD que se tratan nas actividades

Nesta fase asígnanse os elementos de currículo que contén a UD ás actividades e realízase de forma análoga á que se empregou para asignar elementos de currículo ás UD.

A partir da táboa do currículo é doado crear esta outra, na que se asocian os elementos do currículo coas actividades. Os títulos das actividades da táboa anterior e as súas descricións cópanse na columna da esquerda para telas como referencia para realizar a selección dos elementos do currículo de cada actividade.

Borrador de actividades	UD1. Título da UD	A1	A2	A3	A4	Instrumentos de avaliación
A1. Título da actividade 1 Descrición básica da actividade 1. A2. Título da actividade 2 Descrición básica da actividade 2. A3. Título da actividade 3 Descrición básica da actividade 3. A4. Título da actividade 4 Descrición básica da actividade 4.	RA1. Resultado de aprendizaxe 1	X	X	X	X	
	RA1.1. Subresultado de aprendizaxe 1.1.	X	X			
	CA1.1. Criterio de avaliación 1.1.			X	X	
	CA1.1.2. Subcriterio de avaliación 1.1.2.		X	X	X	
	...					
	BC1. Título de bloque 1	X	X	X	X	
	Contido 1.1.				X	
	Contido asociado ao criterio de avaliación 1.1 (CA1.1.).				X	
	Contido 1.2.			X		

Borrador de actividades	UD1. Título da UD	A1	A2	A3	A4	Instrumentos de avaliación
	– Contido adaptado do 1.2.		X			
	■ Contido novo asociado ao subcriterio de avaliación 1.1.2 (CA1.1.2)			X		
	...					
	RAn. Resultado de aprendizaxe n		X	X	X	
	■ CAn.1. Criterio de avaliación n.1.			X	X	
	– CAn.1.1.Subcriterio de avaliación n.1.1.				X	
	...					
	BCn. Título de bloque n			X	X	
	■ Contido n.2.			X		
	– Contido asociado ao subcriterio de avaliación n.1 (CA.n.1.).					
	– Contido adaptado do n.2.			X		
	■ Contido novo asociado ao CA n.2 (CA.n.2.).				X	
	...					

Fase 5. Definir novos contidos e CA, tarefas e instrumentos de avaliación

Esta fase consta de catro partes:

- Introducción de CA e contidos novos adaptados á actividade.
- Definición de tarefas do profesorado e do alumnado.
- Selección dos instrumentos de avaliación.
- Definición dos mínimos exixibles e os pesos orientativos na cualificación.

Introdución de CA e contidos novos adaptados á actividade

Dado que as actividades se definen, con frecuencia, a partir da experiencia profesional e docente, pode ocorrer que as actividades deseñadas non traten, inicialmente, todos os elementos curriculares seleccionados para a UD. O obxecto desta fase é axudar a completar as actividades ou a modificalas para acomodalas aos RA e aos CA que se lles asignen.

A partir da táboa da fase anterior poden realizarse as adaptacións dos elementos do currículo da UD que sexan necesarias inserindo novas filas e utilizando a mesma clave de cores.

Os CA engadiranse no contexto dun resultado de aprendizaxe concreto logo do derradeira CA do currículo e co código numérico seguinte que lle corresponda; e os contidos engadiranse a un bloque de contidos existente. Debe quedar claro que se trata de aspectos que non poden derivarse de ningunha interpretación do currículo oficial.

Utilízase a **cor azul** (ver anexo I) para indicar que un contido ou un criterio de avaliación son necesarios para completar algún aspecto que o currículo desenvolve de forma insuficiente.

Definición de tarefas do profesorado e do alumnado.

Ademais, iranse perfilando as tarefas do alumnado e do profesorado debaixo de cada actividade, ao tempo que se desagregan os elementos do currículo (vermello), ou se incorporan CA e/ou contidos novos (azul). Esta zona esquerda da táboa utilízase como “borrador” no que se poden ir modificando as actividades inicialmente deseñadas ata que se axusten ao que os elementos do currículo, especialmente os CA, necesiten.

Selección dos instrumentos de avaliación

Tamén se deben elixir os instrumentos de avaliación que se empregarán para valorar as aprendizaxes. Os criterios de avaliación constitúen a referencia principal para concretar estes instrumentos a través dos verbos de acción que conteñen, que establecen qué se debe valorar exactamente.

Un instrumento de avaliación é un documento que recolle evidencias que demostran a aprendizaxe do alumnado. Habitualmente, o docente escollerá entre tres tipos de instrumentos: probas escritas, táboas de observación e listas de cotexo.

No caso dunha proba escrita, a propia proba realizada polo alumnado, na que se realiza a corrección e na que figura a cualificación, é o instrumento. No caso da avaliación por observación, por exemplo, a evidencia recóllese mediante unha táboa ou escala de observación, ou unha lista de cotexo, que neste caso cobre o profesorado, sobre a que figurará a cualificación.

Os instrumentos típicos de avaliación adecuados para valorar aprendizaxes descritos nos CA mediante verbos como “describir” ou “explicar”, por exemplo, son as probas escritas e/ou os cuestionarios. Pero estes instrumentos non servirán para valorar CA que se refiran, por exemplo, a “montar” ou a “valorar”.

No primeiro caso, “montar”, porque se trata dun procedemento que require unha actividade práctica na que o alumnado realiza o proceso de montaxe. Os produtos da actividade do alumnado, os procesos de elaboración (ambos recollidos mediante unha escala de observación) e o rendemento do traballo son elementos que se poden valorar neste tipo de CA.

No segundo caso, porque “valorar” é unha actitude cuxa aprendizaxe debe ter un reflexo comportamental que non pode comprobarse máis que observando, na actividade do alumnado, dunha forma pautada, os cambios no seu comportamento. Polo tanto, débese definir un instrumento de avaliación adecuado, neste caso unha táboa ou escala de observación, que o alumnado debe coñecer para que poida axustar o seu comportamento ao criterio de avaliación. Na avaliación das aprendizaxes de actitudes, valores ou normas é frecuente que se consideren como factores importantes as propias valoracións do alumnado acerca da súa aprendizaxe (autoavaliación) e as do grupo (cando se trata de aspectos relativos á cooperación e á responsabilidade, por exemplo).

Só se seleccionan instrumentos de avaliación referidos aos criterios de avaliación e non aos contidos.



No **Anexo II**, especificase o papel dos criterios de avaliación e dos instrumentos de avaliación na elaboración da programación.

Os instrumentos de avaliación enumeraranse codificados, na columna de “instrumentos de avaliación” ao remate do deseño das actividades e da asignación de elementos de UD.

Mínimos exigibles e peso orientativo na cualificación

A avaliación positiva nun criterio de avaliación imprescindible para lograr o resultado de aprendizaxe é o que, neste método de traballo se denomina mínimo exigible. Para acadar tal mínimo exigible o alumnado deberá realizar as probas asociadas cos instrumentos de avaliación que se establezan para ese CA e superalas. Cada un dos CA, por outra parte terá un peso orientativo na cualificación.



Exemplo. A continuación ofrécese un exemplo de como quedaría a táboa despois de realizar as catro partes desta fase

Borrador de actividades	UD1. Título da UD	A1	A2	A3	A4	Instrumentos de avaliación	Mínimo exigible (S/N)	% Peso na cualificación
1. Título da actividade 1	RA1. Resultado de aprendizaxe 1	X	X	X	X			
Tp1.1. Descrición da tarefa 1.1 do profesorado.	RA1.1. Subresultado de aprendizaxe 1.1.	X	X					
Tp1.2. Descrición da tarefa 1.2 do profesorado	■ CA1.1. Criterio de avaliación 1.1.			X	X			
Ta1.1 Descrición da tarefa 1.1 do alumnado.	— CA1.1.2. Subcriterio de avaliación 1.1.2.		X	X	X	LC1. Lista de cotexo.	S	20 %
Ta1.2. Descrición da tarefa 1.1 do alumnado.	■ CA1.8. Criterio de avaliación novo adaptado á actividade.	X				PE1. Proba escrita.	N	5 %
A2. Título da actividade 2								
Tp2.1. Descrición da tarefa 2.1 do alumnado.	...							
Ta.2.1. Descrición da tarefa 2.1. do alumnado.	BC1. Título de bloque 1	X	X	X	X			
Ta.2.2. Descrición da tarefa 2.2. do alumnado.	■ Contido 1.1.				X			
Ta.2.3. Descrición da tarefa 2.3. do alumnado.	— Contido asociado ao criterio de avaliación 1.1 (CA1.1.).				X			
A3. Título da actividade 3	■ Contido 1.2.			X				
...	— Contido adaptado do 1.2.		X					
A4. Título da actividade 4	■ Contido novo asociado ao subcriterio de avaliación 1.1.2 (CA1.1.2)			X				
...	■ Contido novo adaptado á actividade.	X						
	...							

Fase 6. Elaborar a táboa de tarefas das actividades

O traballo que deben realizar o alumnado e o profesorado formalizárase mediante tarefas, que son os elementos básicos dos que consta a actividade de ensinanza-aprendizaxe (como, por exemplo, a busca de información, a presentación dun tema, a elaboración de sínteses, a resolución de problemas, a execución de procedementos, a autoavaliación da aprendizaxe, etc.). Son a resposta ao “como ensinar”. Así, as tarefas do profesorado refírense as accións que o docente ten que desenvolver para planificar, organizar e controlar a realización da actividade. Codifícanse de forma secuencial o mesmo que as tarefas do alumnado que describen as labores concretas que deben facer para obter un determinado resultado ou produto.

A descrición das actividades complétase coa listaxe de recursos e/ou espazos necesarios e cos instrumentos e procedementos de avaliación que concretan o “con que e como” se valora a actividade.

Nesta fase, por conseguinte, recompílese e relaciónase a información xerada durante o proceso de elaboración da programación:

- Relación das actividades e das súas descrições.
- Desglose das tarefas a realizar polo profesorado e o alumnado.
- Resultados ou produtos que obtén o alumnado.
- Recursos que se empregarán.
- Instrumentos e procedementos de avaliación.
- Duración expresada en sesións.

Táboa de actividades e tarefas

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termo de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A1. Título da actividade 1 Descrición básica da actividade 1.	- Tp1.1. Descrición da tarefa 1.1 do profesorado. - Tp1.2. Descrición da tarefa 1.2 do profesorado	- Ta1.1. Descrición da tarefa 1.2 do profesorado - Ta1.1 Descrición da tarefa 1.1 do alumnado.	- Resultado ou produto 1 - Resultado ou produto 2 ...	Listaxe dos recursos para a Act1	PE1. Proba escrita sobre...	XX
A2. Título da actividade 2 Descrición básica da actividade 2.	Tp2.1. Descrición da tarefa 2.1 do alumnado.	- Ta.2.1. Descrición da tarefa 2.1. do alumnado. - Ta.2.2. Descrición da tarefa 2.2. do alumnado. - Ta.2.3. Descrición da tarefa 2.3. do alumnado.	- Resultado ou produto 1 - Resultado ou produto 2 ...	Listaxe dos recursos para a Act2	LC1. Lista de cotexo sobre...	XX
A3. Título da actividade 3 Descrición básica da actividade 3.	...	...	...	...	...	XX
A4. Título da actividade 4 Descrición básica da actividade 4.	...	...	...	...	...	XX
...	...	...	...	...	...	XX
TOTAL						XX

4. Anexos

4.1 Anexo I. Notación de cores empregada nas taboas de secuencias das UD

Cores dos textos na columna de elementos do currículo

- **NEGRO:** contido curricular (non borrrable por tanto) sexa RA, CA, BC ou Contido.
- **ENCARNADO:** desdobramento, desagrupación, de algo XA EXISTENTE.
 - Por ese motivo, debe ir "colgado" nun nivel inferior (é dicir, hacia a dereita da marxe do elemento do que deriva) xa sexa éste RA, CA ou Contido.
 - É algo novo, pero DERIVA ou CLARIFICA ou SE DESDOBRA dun elemento curricular existente.
 - Nesta categoría entra o que o profesorado escriba (ao dividir os RA, CA ou Contidos).
 - Os BC non se poden desdobrar.
- **VERDE:** Criterios de avaliación convertidos en Contidos (Preparouse -> **Preparación**).
- Son contidos que poden ir en calquera nivel, é dicir, primeiro nivel colgando directamente do BC correspondente, ou en niveis posteriores colgando de contidos existentes (negros (curriculares), ou encarnados (desgloses)), no lugar que decida o profesor/a.
- Levan ao final o código do CA do que se converten, entre paréntese. (Ex. CA1.5. Identificáronse os compoñentes e os bloques funcionais; convertírase no contido en verde: Identificación dos compoñentes e os bloques funcionais (CA1.5)).
- **AZUL:** Elementos totalmente NOVOS (extracurricular), de colleita propia. Poden ser só CA e Contidos.
 - No caso dos CA deben ir no primeiro nivel colgando directamente do RA correspondente e situaranse ao final de todos os CA co código seguinte ao derradeiro CA curricular. (Ex. Se o derradeiro CA do RA1 é o CA1.12, os novos CA azuis codifícaranse a partir do CA1.13)
 - Os contidos novos (azuis) poden ir en calquera nivel, é dicir, primeiro nivel colgando directamente do BC correspondente, ou en niveis posteriores colgando de contidos existentes (negros (curriculares), encarnados (desgloses), ou verdes (CA convertidos en contidos)), no lugar que decida o profesor/a.

4.2 Anexo II. O papel dos criterios de avaliación e dos instrumentos de avaliación na elaboración da programación

Avaliar correctamente require seleccionar os instrumentos adecuados para valorar as aprendizaxes que se establecen nos CA. Polo tanto é importante comprender o papel que xogan os criterios de avaliación na programación, é dicir, tense que comprender a qué, exactamente, obrigan.

Selección dos instrumentos de avaliación

Para poder empregar o tipo de probas que tradicionalmente se utilizan na práctica docente e tratar de melloralas, pódense escoller os instrumentos de avaliación a través dunha selección directa se se recoñece nun criterio de avaliación unha acción que se corresponde cun tipo de proba determinado. Por exemplo:

- Se o criterio é de tipo conceptual e comeza por “escribiouse”, “explicouse”, “diferenciouse”, “calculouse”, “seleccionouse”, “clasificouse”..., é probable que se poida avaliar mediante unha proba convencional (un exame):
 - Nestes casos o instrumento de avaliación pode ser unha proba escrita e poden figurar como “PEN” (abreviatura de proba escrita e un número de orde).
- Se o criterio é de carácter procedemental e comeza por “montouse”, “mediouse”, “mecanizouse”..., ou calquera procedemento deste tipo, que require a realización dunha actividade na que o alumnado debe producir un documento ou un obxecto e/ou seguir determinado procedemento para elaboralo ou simplemente se trata de avaliar a realización dun proceso, necesitarase empregar:
 - Unha lista de cotexamento (items dos que se comproba se se cumpren ou se non se cumpren) nas que se disporán os aspectos do traballo do alumnado que se valoraran durante a actividade e poden figurar como “LCn” (abreviatura de lista de cotexo e un número de orde).
- Se o criterio é de carácter actitudinal e comeza por “respetouse”, “valorouse”,... é probable que se poida avaliar mediante a observación:
 - En estes casos o instrumentos de avaliación pode ser unha táboa de observación e poden figurar como “TON” (abreviatura de táboa de observación e un número de orde).

Creación de subcriterios e de indicadores de avaliación

Neste método de traballo considérase que toda a avaliación se deriva de criterios de avaliación (CA) existentes no currículo ou doutros complementarios introducidos polo profesorado durante a elaboración da programación. Os CA poden ser directamente aplicables (cando exista un instrumento de avaliación adecuado) ou poden descomporse en subcriterios que, se cumpren algunhas condicións, poden converterse no que se denomina indicadores de avaliación (IA).

Un indicador de avaliación é un criterio de avaliación e redáctase, polo tanto, da mesma forma (con verbos en terceira persoa do pasado) pero establece claramente o grao das aprendizaxes, e é directamente avaliábel mediante un instrumento de avaliación coñecido ou que pode describirse no correspondente apartado de “Instrumentos de avaliación” de

cada UD.

Nos módulos de FP da LOE hai moitos criterios de avaliación que son, en realidade, simples indicadores e poden utilizarse directamente para asocialos cos correspondentes instrumentos de avaliación. Pero hai outros, especialmente no relativo á avaliación de valores e actitudes do ámbito profesional, que requiren de instrumentos de avaliación específicos e atípicos ou que deben avaliarse indirectamente a partir dos subcriterios e indicadores nos que se considere que debe descomporse o criterio orixinal.

Á hora de definir subcriterios é importante que se usen accións sinxelas. Non deben empregarse, por exemplo, accións tan xenéricas como “analizouse” nun subcriterio sen establecer qué se entende por “analizar” nese contexto.